

PROCESO DE SELECCIÓN

Contratación de dúas prazas de administrativos/as para a Sociedade Municipal de Xestión de Transporte Urbano de Santiago (TUSSA)

En data 4 de xuño de 2024, a Comisión de Selección adoptou os seguintes acordos:

1) RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS Á VALORACIÓN DE MÉRITOS

Dentro do prazo outorgado, presentaron escrito de alegacións os seguintes candidatos:

Marcos Alvarellos Toucedo

Presenta escrito no que amosa a súa discrepancia en relación á puntuación pola experiencia laboral. Pide que se lle teñan en conta os días cotizados na ETT CENPLA e os días cotizados no Banco Español de Crédito, polo período de 18/11/2004 ata o 21/02/2012.

A Comisión, por unanimidade, desestima as alegacións polos seguintes motivos:

En relación á ETT CENPLA os contratos presentados inicialmente reflectían a categoría “auxiliar C” e na documentación aportada aparece a mesma categoría.

En relación ao traballo desempeñado no Banco Español de Crédito, de acordo coa documentación inicial tivéronse en conta dous contratos nos que se recollía a categoría de “administrativo”. Co escrito de alegacións presenta unha certificación da entidade bancaria na que recolle os servizos prestados como xestor comercial, director e subdirector; en ningún caso de administrativo.

Manuel Muñoz Vázquez

Presenta escrito no que amosa a súa discrepancia en relación á puntuación dos idiomas por non térselle valorado os cursos de inglés da Escola Galega de Administración Pública.

A Comisión, por unanimidade, desestima a alegación posto que as bases establecen que os idiomas deben acreditarse mediante as titulacións oficiais que acrediten o nivel de formación que recollen as propias bases, e os diplomas presentados non cumpren dita condición.

Manuel Tallón Carreira

Presenta escrito no que amosa a súa discrepancia en relación á puntuación pola experiencia laboral. No escrito fai mención a varios contratos coa categoría de “administrativo” e aporta neste acto copia dos mesmos.

A Comisión, por unanimidade, desestima as alegacións polos seguintes motivos:

Na fase de concurso dos procedementos selectivos unicamente poden avaliarse os méritos que o aspirante acredite durante o prazo fixado para a súa presentación. O aspirante, coa súa solicitude de participación no proceso selectivo unicamente achegou os contratos que xa foron

avaliados. Actuar doutro xeito suporía infrinxir o principio de igualdade que debe rexer en todo o proceso selectivo.

De acordo coa resolución das alegacións, a valoración de méritos queda como segue:

Apelidos	Nome	Idiomas	Cursos informática	Experiencia laboral	Total
Alvarellos Toucedo	Marcos	0,00	0,00	1,29	1,29
Jamardo Villamarín	Guadalupe	0,00	0,00	5,24	5,24
Muñoz Vázquez	Manuel	0,00	6,00	10,00	16,00
Pensado Manteiga	María Elena	0,00	0,00	1,36	1,36
Rey Gestoso	Elena	0,00	2,40	10,00	12,40
Rodríguez Álvarez	Roi	2,23	2,40	0,60	5,23
Tallón Carreira	Manuel	0,00	6,00	6,63	12,63
Valois Calvo	Francisco Javier	0,00	0,00	1,84	1,84
Villanustre Ordóñez	Paula	1,39	6,00	1,45	8,84

2) APROBACIÓN DA LISTA DE CANDIDATOS, PROPOSTA DE CONTRATACIÓN e BOLSA DE CONTRATACIÓN TEMPORAL.

Á vista das puntuacións obtidas polos candidatos nas fases de oposición e concurso, a Comisión de selección, por unanimidade, acorda:

1º Aprobar a puntuación final e orde dos candidatos que superaron o proceso selectivo, que é a seguinte:

Apelidos	Nome	Puntuación proba tipo test	Puntuación valoración méritos	Puntuación total
Muñoz Vázquez	Manuel	39,20	16,00	55,20
Villanustre Ordóñez	Paula	43,40	8,84	52,24
Tallón Carreira	Manuel	39,20	12,63	51,83
Rey Gestoso	Elena	36,40	12,40	48,80
Rodríguez Álvarez	Roi	39,20	5,23	44,43
Pensado Manteiga	María Elena	42,00	1,36	43,36
Jamardo Villamarín	Guadalupe	37,80	5,24	43,04
Alvarellos Toucedo	Marcos	40,60	1,29	41,89
Valois Calvo	Francisco Javier	36,40	1,84	38,24

2º Propórle ao Consello de Administración a contratación de D. Manuel Muñoz Vázquez e de Dona Paula Villanustre Ordóñez, que acadaron as dúas mellores puntuacións, para cubrir as dúas prazas de administrativos/as, sempre que cumpran o requisito de estar en situación de desemprego no momento da formalización do contrato.

3º Aprobamos a lista de candidatos, ordenada en función da súa puntuación total, para os efectos da cobertura da/as vacante/s fixa/s para o caso de que se produza a extinción do contrato da/as persoa/s contratada/s (relevisa/s) no período mínimo legal.

4º Aprobamos a seguinte bolsa de contratación temporal, coas persoas que superaron a proba eliminatoria e que, ademais, amosaron o seu interese en formar parte da bolsa de contratación temporal no momento de presentar a solicitude:

Apelidos	Nome	Puntuación total
Tallón Carreira	Manuel	51,83
Rey Gestoso	Elena	48,80
Rodríguez Álvarez	Roi	44,43
Pensado Manteiga	María Elena	43,36
Jamardo Villamarin	Guadalupe	43,04
Alvarelos Toucedo	Marcos	41,89
Valois Calvo	Francisco Javier	38,24

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2024



*O presidente da Comisión,
 Asdo./José Ramón Mosquera Ferreiro*